

ÁMBITO

Localidade	A Estrada
Comarca	A Estrada-Deza
Lugar de realización	Local do BNG

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	15
Nº de non militantes asistentes	3
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso

A nivel local	Responsábel local
Representante do Consello Nacional	Ninguén

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	Fixéronse tres reunións de 2 horas cada unha
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Clásica, cadeiras en círculo

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

A pesar da escasa participación houbo implicación por parte de todas e todos á hora de expoñer as súas inquietudes e ideas.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Con carácter xeral:

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Radiografía da Galiza de hoxe

SITUACIÓN ACTUAL DO BNG: DESCENSO DA INCIDENCIA ELECTURAL. CAUSAS

- O BNG ocupaba nos seus primeiros anos un espazo electoral da esquerda e do nacionalismo. Hexemoniza este espazo, medrado electoral e organizativamente.
- Posteriormente (quintanismo) hai unha moderación ideolóxica, cunha progresiva perda de electorado.
- Nos últimos anos o BNG recupera o seu discurso ideolóxico tradicional (soberanismo, defensa das clases populares, defensa dos sectores produtivos).
- A asemblea escacha o BNG en 3 pedazos desiguais, todo hai que dicilo: o BNG radicaliza o seu discurso, poñendo unha énfase especial no soberanismo, pero sen realinalo doa política social; Anova, sitúase no espazo da esquerda, pero subordina o soberanismo e alíase con organizacións estatais; Compromiso opta pola moderación e a social democracia.

RESPOSTA ELECTORAL NUN CONTEXTO DE CRISE ECONÓMICA ELECCIÓN GALEGAS:

- CxG desaparece
- BNG, continúa perdendo apoio electoral
- AGE: constitúese como referente da esquerda e dos valores que representa o BNG debido á presenza de Beiras. Quédase con parte dos votantes do BNG e recupera electores anteriores (abstencionistas), sumando o das dúas organización alcanzaría o 25% do electoral, que era o que tiña antes o BNG.

ELECCIÓN XERAIS

- Aparece Podemos. Centra o seu discurso en combater unha das consecuencias da crise: a emerxencia social (desafiuzamentos, pobreza enerxética, salarios de integración social...), aumentando o gasto social. Podemos non entra nas causas desta crise económica.
- Anova asume a liña ideolóxica de Podemos e intégrase nas Mareas, obviando que a integración en organizacións supranacionais reproduce as condicións de dependencia e submisión ás políticas estatais.
- O BNG retrocede a posicións moderadas e de indefinición ideolóxica. Perde a representación en Madrid, retrocede até menos do 5%.
- Neste contexto hai un incremento do espazo electoral da esquerda até o 30%, hexemonizado en Galiza por Podemos-En marea.

RESTITUCIÓN IDEOLÓXICA DO BNG NO CONTEXTO SOCIAL ACTUAL EN CONTRAPOSICIÓN A PODEMOS-EN MAREA

PROPOSTAS PARA O DEBATE

PODEMOS-EN MAREA

- A situación social actual é circunstancial derivada da crise económica
- Solucionar a consecuencia principal, a emerxencia social, por medio do aumento do gasto social sen propostas clave sobras as vías de financiamento (reforma fiscal).
- Subordinación da soberanía ás políticas sociais

BNG

- A situación social actual (paro, salarios baixos, precariedade laboral...) non é circunstancial, senón permanente
- A crise económica rematou, xa que estamos nun período de crecemento económico, en todo caso, esta non foi máis que consecuencia do novo modo de explotación capitalista para facer retroceder os avances sociais conseguidos no século pasado, co fin de facer medrar os seus beneficios (acabar co estado do benestar, incrementar as rendas do capital a conta das rendas do traballo, obter beneficios do importante gasto social, control tecnolóxico...). mediante un proceso globalizador, executado desde instrumentos políticos (USA-UE) que anula a soberanía dos pobos (e estados) e converte a democracia nun mero espectro formal no que os cidadáns perdemos a capacidade de decidir sobre as actuacións que lles afectan.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA

- Sectores produtivos atacados e en franco retroceso por mor das políticas do estado e da UE
- Non temos sector financeiro propio
- A UE agranda as diferencias sociais e económicas entre os pobos e entre as persoas
- Rural abandonado
- Aumento da poboación ás grandes cidades
- Dereitos laborais deteriorados por mor das sucesivas reformas laborais feitas por PSOE e PP (salarios baixos, ...)
- Emigración da mocidade
- Preocupación social polos servizos públicos (sanidade e educación).
- Poboación avellentada
- Pensións baixas
- Dependencia, cuxos servizos acaban completando as mulleres
- Españolaización
- Sociedade pouco informada
- O BNG deu bandazos ideolóxicos nos últimos anos. Tampouco ten unha alternativa clara, en clave sobernista e de esquerdas, que ofrecerlle aos galegos e galegas.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

- Somos aparentemente vencido e derrotado, mais si que se albiscan algunhas raiolas de esperanza que nos debería permitir ser optimistas.

Estratexia política do nacionalismo galego

SOBERANÍA E POLÍTICA SOCIAL

Temos que ver a situación actual da Galiza (económica e solciai) como un espazo de tempo (desde a chegada de democracia) e analizar a evolución que se dá nun contexto político (democracia, autonomía, entrada na UE) e as consecuencias (destrución do tecido produtivo e postos de traballo, marxinación social) para comprender que esta situación non está orixinada pola crise económica, senón pola evolución do sistema capitalista na súa expresión actual (a globalización), sendo a crise un dos seus efectos no canto da orixe.

Polo tanto, as causas da problemática social actual están na perda de calidade democrática (democracia formal, non real) e a perda de soberanía da que Galiza carece (a autonomía non permite o autogoberno) e o Estado español cédea á Unión Europea que é o instrumento utilizado polo capital no seu proceso globalizador.

A recuperación da soberanía é o único único medio eficaz para afrontar a globalización. Xa que logo é incorrecto situar a crise económica como a causa da problemática social actual, considerando esta como un efecto circunstancial no canto de permanente e creando unha contradición entre políticas sociais e soberanía, no que se basea o proxecto ideolóxico de Podemos-Mareas.

En contraposición o BNG ten que presentar propostas innovadoras que xeren polémica que dean solución á problemática social en oposición ao proceso globalizador, fundamentalmente no referido á libre circulación de mercadorías que establece a competitividade en función dos salarios e minimiza os nosos sectores produtivos, deixando de manifesto que non pode haber política social sen soberanía.

SITUACIÓN SOCIAL, ANÁLISE E SOLUCIÓNS

Política social

Problemas:

- Paro (falta de postos de traballo)
- Traballo en precario
- Salarios baixos

Motivos:

- Globalización

PROPOSTAS PARA O DEBATE

- Libre circulación de capitais
- Produtos financeiros tóxicos (contaminación) desencadenante da crise económica
- Expatriación de capitais
- Evasión fiscal
- Corrupción
- Libre circulación de mercadorías – establece a competitividade en función dos salarios
- Innovación tecnolóxica
 - Substitución de traballadores por aparellos tecnolóxicos, no canto de reducir a xornada laboral
- Dependencia contradición centro - periferia
 - Expropiación de capital e forza de traballo
 - Estado español - UE instrumentos da falta de soberanía

Consecuencias

- Pobreza e marxinación social
- Emigración, inmigración
- Desequilibrio demográfico - xeracional e territorial

PROPOSTAS, SOLUCIÓNS

- Regular o mercado de traballo
 - INEM, fixa a flexibilidade dos cadros de persoal.
- Política fiscal
 - Supresión do IVE (é un imposto inxusto que paga todo o mundo independentemente da súa renda), ou cando menos ter un tipo reducido, e supresión para os produtos básicos.
 - Impostos sobre:
 - ✓ Rendas: capital e traballo
 - ✓ Gravar as transaccións a curto prazo: inmobiliarias, bolsa
 - Fixar prezos calculados sobre custes de produción (gravar a diferenza)
 - Imposto social para as empresas importadoras e especialmente para as que teñen deslocalizada a súa produción (Zara, leite, empresas auxiliares de Citroen, etc):
 - ✓ Que equilibre as distintas políticas sociais
- Restringir (gravar) a circulación de capitais
- Financiamento do gasto social
 - Sanidade
 - Pensións
 - Dependencia
 - Modificación da cotización á seguridade social sobre produción, e non sobre o nº de traballadores (por exemplo, o caso das

PROPOSTAS PARA O DEBATE

autoestradas, suprimen traballadores por máquinas atendedoras mantendo os beneficios).

Ordenación do territorio

- Corrixir o desequilibrio:
 - Costa - interior
 - Cidades - rural
- Desconcentrar a instalación de industrias e servizos públicos

Agro – rural (frear o despoboamento)

- Creación de postos de traballo
 - Modificación do sistema produtivo
 - Soberanía alimentaria
 - Diversificación produtiva
 - Canles de comercialización
 - Protección arancelaria (imposto social)
 - Monte:
 - ✓ Ordenación do monte
 - ✓ Aproveitamento integral:
 - Madeira
 - Gando
 - Biomasa
 - Producción enerxética
 - Autosuficiencia enerxética
 - ✓ Sistemas públicos de explotación conxunta do monte
- Planificación urbanística que facilite o asentamento no rural no lugar de restrinxilo como medio para frear o despoboamento

Vivenda

- Reducir o prezo das vivendas
 - Servizo público obrigatorio
 - Promoción pública
 - Abaratamento do solo por medio da xestión urbanística
 - Parque público de vivenda en alugueiro (prezo máximo 20% dos ingresos) e compra.

Financiamento

- Mercado de capitais.
- Obriga da banca de cotizar cunha porcentaxe dos seus depósitos para financeira.
-

Autónomos

- Frear a conversión de traballadores por conta allea en autónomos

PROPOSTAS PARA O DEBATE

- Cotización da S.S. en período de baixa
- Mentres non se elimine o IVE pagar á persoa autónoma pola recadación deste imposto.

Participación política e modelo organizativo

- Nos últimos tempos perdemos a nosa propia personalidade, adoptando procesos (primarias, etc) de moda, no canto de ser fieis ao que sempre nos funcionou. Temos que ter personalidade propia, independentemente das modas e do que fagan os demais.
- Falta de conexión da dirección coa base. Hai que crear canles de comunicación que funcionen. A xente ten que sentirse partícipe.
- As localidades limítanse a desenvolver traballo e campañas (electorais, sectoriais...) que nos veñen dadas desde arriba. Tamén necesitan tempo para desenvolver as súas propias campañas.
- A fronte política segue a ser un modelo organizativo válido.
- Os cargos institucionais teñen que defender a liña política do BNG.